

**IMPULSANDO A XUVENTUDE
NA ORGANIZACIÓN E DESARROLLO
DE ACTIVIDADES DAS PERSOAS CON
DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS
SÚAS FAMILIAS NA
CCAA GALEGA**




**Special Olympics
Galicia**

Special Olympics Galicia

2018





1. Estrutura....	Pax.7
2. Xunta Directiva....	Pax.8
3. A subvención	Pax.9-16
4. Cumprimento de Fins ...	Pax. 19
5. Cadro resumo de actividades....	Pax.21
6. Colaboradores....	Pax.23

CONTIDOS

ESTRUTURA



Datos Identificativos

SPECIAL OLYMPICS GALICIA

Asociación de pais, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual
"SPECIAL OLYMPICS GALICIA".

CIF: G15771777.

SEDE SOCIAL E DIRECCIÓN ADMINISTRATIVA:

VIA PASTEUR, 53-A POLÍGONO DO TAMBRE

15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

TEMOS DELEGACIÓNS NAS PROVINCIAS DE LUGO OURENSE E PONTEVEDRA

Rexistro Asociacións de Galicia dende 16/12/ 2004 co número : 2000/10000550/1 (SC)

Cos Estatutos adaptados a Ley 1/2002, Dereito Asociacións e suxeito o 49/2002


Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. E1358

TELÉFONOS: 981.519.815.

FAX: 981.519.816.

E-MAIL: asociacion@specialolympicsgalicia.org

Logo e Organigrama



Xunta Directiva

CARGO	NOME	ENTIDADE
Presidenta de Honra	Dna. M ^a Corina Porro Martínez	
Presidente	D. Eladio Fernández Pérez	S. Francisco
Presidente 1 ^o	D. Marcelo de la Cruz Luzón	ASPAS
Presidente 2 ^o	D. Julio César Cortiñas López	PRODEME
Secretario	D. Javier García Sánchez	ASPAS
Vicesecretaria	D. Xosé Luis Queiruga	C.E.E Vilagarcía
Tesoureiro	D. Elías Palacio Verdini	ASPRONAGA
Vocal	Dona Dolores Villatoro Millán	APADER
Vocal	D. Javier Illanes Lugo	PRODEME
Vocal	D. Antonio Naya Sancho	ASPRONAGA
Vocal	D. Modesto González de Pádua	AS BURGAS
Vocal	Dona Cristina Pérez Martínez	S. Francisco
Vocal	D. Isaac Otero Fernandez	S. O.G.
Vocal FADEMGA	Dona Carmen Gonzalez Lagarón	Aspnais
Vocal Club Fademga	D. Antonio Fuentetaja Cervelo	Club Fademga



FUNDAMENTO DA SUBVENCIÓN



O que se intenta conseguir dende a labor social de esta entidade e dentro da asistencia social, as actividades que desenvolvemos adoitan ser de carácter formativo, de ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias

Special Olympics Galicia traballa na tarefa de incluír ás persoas con discapacidade intelectual na sociedade, baixo as condicións que lles permitan ser aceptados e respectados.

Por elo, algúns puntos importantes dentro da nosa organización son:

- 1.As persoas con discapacidade intelectual son o máis importante.
- 2.Poden aprender a gozar en actividades deportivas e lúdicas normalizadas adaptadas ao seu nivel.
- 3.A práctica deportiva e lúdica, apórtalle grandes beneficios físicos, psíquicos e sociais.
- 4.O adestramento constante e periódico é fundamental.
- 5.Ofrecemos a oportunidade de participar nun deporte normalizado.
6. Prestamos especial atención ós aspectos médicos a hora de realizar deportes.
7. Os adestradores, voluntarios e familias son un pilar básico.
8. Ofrecemos actividades a todo o colectivo de persoas con discapacidade intelectual de Galicia, incluso en ocasións realizamos intercambios con outras entidades.
9. Buscamos unha competición equilibrada: todos poden participar nas diferentes probas xa que se adapta o deporte á persoa e se aporta todos os apoios que precisen.
- 10.Fomentamos a realización de actividades de ocio, deporte e cultura, con fins rehabilitadores e terapéuticos para persoas con discapacidade intelectual.
- 11.Traballamos na visibilización das persoas con discapacidade intelectual de Galicia e as súas familias.
- 12.Melloramos a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual

proporcionándolle os apoios precisos.

13.Realizamos actividades físicas e deportivas co obxectivo de mellorar o estado de saúde, mellorar a autoestima, promover as relacións entre os diferentes axentes de entorno dos atletas, facilitar a súa inclusión social e desenvolvemento autónomo en vida social.

14. Organizar todo tipo de actividades que teñan como finalidade goce do ocio, deporte e tempo libre das persoas con discapacidade intelectual.

15. Organizar actividades encamiñadas ao desenvolvemento na cultura ocio e deporte das persoas con discapacidade intelectual.

16. Colaboramos con distintas entidades cos mesmo obxectivos.

17.Apoiamos todas as iniciativas que integren socialmente e faciliten o desenvolvemento persoal das persoas con discapacidade intelectual.

18. Organizamos actividades de ocio entretidas e normalizadoras para persoas con discapacidade intelectual para fomentar a socialización e interrelación.

Tal e como se reflexa nos propios fins da entidade, as actividades que organizamos poden ser desglosadas en 3 grandes bloques:

- **Actividades de Deporte**, tanto se leve a cabo a nivel autonómicos, nacional, internacional.
- **Actividades de Ocio e Familias**, xa sexan dentro das propias actividades deportivas como actividades propias para este fin.
- **Actividades de Formación**, tanto para voluntarios, técnicos, persoas con discapacidade intelectual.

Obxecto

Da

Subvención

IMPULSANDO A XUVENTUDE NA ORGANIZACIÓN E DESARROLLO DE ACTIVIDADES DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS NA CCAA GALEGA



A través da subvención para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para entidades sen ánimo de lucro, esta entidade ten previsto a contratación de 3 persoas que cumpran os requisitos establecidos nas bases, e así poder proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa integración no mercado laboral.

Como argumentamos con anterioridade, esta entidade promove a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, está declarada de utilidade pública e entendemos que está debidamente xustificado o seu interese xeral e social.

O desenvolvemento do traballo de xestión e preparación será executado na sede da asociación pero cando teñamos que executar a actividade propia para a que estamos a traballar, debemos facelo en calquera localidade da nosa comunidade autónoma.

Esta entidade ten nivel autonómico, segundo conta no RUEPSS polo que solicitaremos tres perfís profesionais que consideramos necesarios para mellorar o servizos que debemos presentar os nosos usuarios.

Esta entidade posúe só tres traballadores indefinidos en plantilla e un xerente voluntario, polo que a titorización do persoal subvencionado será realizado pola persoa que ten o perfil de Director Técnico.

1-Denominación do proxecto.

Impulsando a xuventude na organización e desenvolvemento de actividades das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias na Comunidade Autónoma Galega.

2.-Descrición do Servizo .

O que se busca con esta actuación é dar unha oportunidade a Xuventude de Galicia, na procura dunha experiencia e destreza na xestión e participación en actividades para persoas con discapacidade intelectual.

Dende Special Olympics Galicia, tentamos realizar moitas actividades para persoas con discapacidade intelectual pero sempre con todas as garantías, tanto nas súas necesidades no propio evento como a nivel administrativo como tratamento da documentación, seguridade, lexislación, material, etc...

Para poder dar fin a esta idea, o que busca esta entidade é dotarse e formar a persoas que complementen a labor do persoal estable da entidade nos diversos trámites que se deben realizar.

Unha das vertentes que intentamos ter cuberto co persoal de nova incorporación é a actualización a nivel informático dos programas de tratamento informático e documental e un almacenamento correcto tanto a nivel dixital como a nivel físico, cumprindo escrupulosamente a Lei de Protección de datos.

Dado o nivel de participación de persoas con discapacidade nos diversos eventos realizados o longo do ano, debemos ter e tratar toda esa información nun programa que cumpra as leis que nos rexen e faciliten o desempeño da nosa función.

Por esta razón entendemos a necesidade de unha persoa encargada de preparar as actividades propiamente deportivas, de ocio, tempo de lecer, formación e cultural... e un informático que nos adecúe os programas que posemos para facilitar toda esta información sensible.

Dentro das actividades propias das persoas con discapacidade intelectual sempre gardamos un espazo para que as persoas con discapacidade intelectual utilicen as novas tecnoloxías mediante unha aula móbil con ordenadores, e o que necesitaríamos e a descarga legal de programas lúdicos e de formación e accesos a internet seguro, apoio e asesoramento para os nosos participantes e que esta persoa nas diversas actividades esté presente para colaborar coa organización ante calquera incidencia que poida surxir durante o transcurso da actividade.

O igual que isto as persoas que levarán a xestión e tratamento da documentación, deben tamén asistir os diversos eventos, xa que a dirección in situ pode necesitar algún tipo de documento que fose tratado por e que teñan necesidade de ter un alto nivel de seguridade, debido a que pode surxir calquer incidente e debemos garantir a participación segura de todas as persoas e transmitir a documentación necesaria para que o servizo médico e aseguradoras estén informados das diversas complicación que isto pode ter.

Obxecto

Da

Subvención

As nosas actividades, lévanse a cabo en toda Galicia, e para o seu desenrolo normalizado e adaptado as necesidades das persoas con discapacidade intelectual, temos que dotarnos de multitude de material tanto a nivel organizativo como deportivo e de ocio para o completo cumprimento dos fins que esta entidade se propón cumprir.

Por todo elo, o que se necesita é unha persoa encargada tanto nas propias actividades como dentro da propia sede da entidade un rexistro do material, encargado da correspondencia, etc...

Entendemos que para unha entidade sen ánimo de lucro como a nosa dar conta e coidar do material é un punto moi importante dentro da súa organización, xa que en moitos casos supón un desembolso de capital que condiciona moito a execución de outras actividades, porque como sabemos os recursos son moi limitados, e a súa reposición ou adquisición complexa.

O procedemento de traballo dentro de esta entidade preténdese que sexa continuo, polo que aínda que non temos xornadas adicadas a participación das persoas con discapacidade o traballo de xestión e continuo e abundante.

A finais do ano anterior e aprobándose na Xunta Directiva de principios de ano, realizase un Plan de Acción acorde coas posibilidades tanto económicas como organizativas dentro da propia asociación.

Este plan de actividades é remitido a todas as entidades de Galicia que traballan con persoas con discapacidade intelectual para que poidan planificar a súa participación. Tamén se manda a nivel nacional, por si hai algunha entidade de outras Comunidades Autónomas que estén interesadas.

Dous meses antes da data de execución do programa mándase a Convocatoria para poder participar a mais de 100 entidades de toda Galicia que traballan con persoas con discapacidade intelectual.

-Despois faise unha labor de revisión específica da documentación das persoas con discapacidade que estean interesadas en participar.

-Reunímonos coas diferentes entidades públicas da zona para pedir a súa colaboración tanto institucional como organizativa.

-Contactase con diversas empresas privadas para complementar as achegas públicas para a súa colaboración en especies como augas, refrescos, etc...

-Solicitude de entidades sanitarias e de vixilancia para que o día do evento as persoas con discapacidade intelectual teñan as coberturas necesarias.

-Unha vez finalizado o prazo de inscrición o que se fai e proceder a inscrición definitiva e análise das necesidades de cada usuario e dependendo da actividade a desenrolar tomas unha ou outra decisión.

-Despois de analizados os diferentes orzamentos de provedores, procedese a contratación de manutención, desprazamentos, aloxamentos, trofeos e medallas, agasallos os deportistas polo seu esforzo, etc...

-Durante o desenrolo da actividade o que se busca e que sexa inclusiva, igualitaria e normalizada, xa que pretendemos que as persoas con discapacidade intelectual poidan realizar unha actividade independentemente das súas capacidades.

-O que se pretende tamén e que a sociedade entenda que as persoas con discapacidade intelectual pode realizar calquera tipo de actividade de forma continuada e normalizadora.

-Despois de realizar estas actividade procedese a realizar un recoñecemento ao esforzo a nivel deportivo xa que é outra das características de esta entidade que toda persoa con discapacidade intelectual, polo simple feito de esforzase leva un recoñecemento ao traballo realizado coa súa medalla, polo tanto, todos os deportistas polo simple feito de participar levan medalla, ou unha recompensa o seu traballo.

-Nas actividades de Special Olympics Galicia co obxecto de mellorar faise unha valoración da actividade, tanto os deportistas, voluntarios como os seus adestradores e delegados.

3.- A localización e ámbito de actuación.

A nivel xeográfico a localización do proxecto abarcaría as catro provincias galega, con especial incidencia nas localidades onde esta entidade leva a cabo as súas actividades de ocio, deporte, tempo de lecer, cultura e voluntariado.

A ubicación do persoal solicitado será o domicilio social da entidade, salvo o día de execución das actividades, que deberá desplazarse para complementar o seu posto.

4.- Descrición dos traballos que se realizarán por cada unha das categorías profesionais que se pretende contratar.

GRUPO COTIZACIÓN	CNO	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE	Nº TRABALLADORES	PRIORIDADE
GRUPO 3	3724	MONITOR E DINAMIZADOR DE ACTIVIDADES, DEPORTIVAS, RECREATIVAS, ETC..	1	1
GRUPO 3	3820	PROGRAMADOR APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	1	2
GRUPO 2-3	3831	ACTUALIZACIÓN NOTICIAS E DIFUSIÓN	1	3

Obxecto

Da

Subvención

3724 Monitores de actividades recreativas e de entretemento.

Entre as súas tarefas se inclúen:

- Redactar correspondencia administrativa e actas. Obter, propor e supervisar os prazos e datas de seguimento posteriores.
- Examinar as solicitudes de reunións e programar e organizar esta e os plans de viaxes.
- Prestar asistencia no relacionado coa preparación de orzamentos, a supervisión de gastos, a redacción de contratos e os pedidos de compra ou adquisición.
- Actuar de enlace con outros empregados no referente a diferentes cuestións relacionadas coa actividade da organización
- Redactar e responder a correspondencia comercial e técnica ou de carácter similar.
- Preparar actas literais da reunións en asembleas, mediante taquigrafía ou outros equipos.
- Supervisar o traballo dos traballadores a cargo.
- Redactar convocatorias actividades e supervisar a documentación das persoas con discapacidade intelectual participantes nas actividades, monitores e voluntarios.
- Facer o seguimento de esa documentación, e reclamación si algunha estará con defectos.
- Introducir os datos nos documentos informáticos e darlle o tratamento correspondente xa que pola Lei de Protección de datos e outras e o tratar datos de alto nivel, medio e baixo temos que ter especial coidado garantindo a súa seguridade.

3820 Programadores informáticos

Os programadores informáticos redactan e manteñen código de programa esbozado e instrución e especificacións técnicas para aplicación de software e sistemas operativos. facilitar as tarefas de proceso, operación e implantación dos sistemas de tecnoloxía da información e as comunicacións, incluídas nas redes de área local e extendida (LAN Y WAN), e os equipos e software asociados, co fin de garantir un rendemento óptimo e a identificación dos problemas existentes. Entre as súas tarefas inclúen:

- Identificar e comunicar os problemas, procesos, solución técnicas, redactar e manter código de programa esbozado en instrucións e especificacións con arreglo a normas de calidade acreditadas.

- Revisar, reparar ou ampliar programas existentes para reforzar a eficiencia operativa e a procura de adaptacións aos novos requisitos.
- Realizar series de probas de programas e aplicación de software para confirmar que estes xeneran a información desexada.
- Recompilar e redactar a documentación de desenvolvemento de programas ocuparse da operación e control dos equipos informáticos periféricos e afíns.
- levar a cabo seguimento de sistemas para detectar averías dos equipos e erros de desempeño.
- notificar a supervisores e técnicos de mantemento os fallos de funcionamento do equipo.
- responder os mensaxes de erros dos programas buscando e corrixindo os problemas
- ler as instrucións de configuración dos postos de traballo para determinar os equipos que deben utilizarse, a orde de uso, os materiais como discos e papel que deben cargarse e os parámetros de configuración de control
- recuperar, separar e clasificar os resultados dos programas como resulte necesario e enviar os datos a determinados usuarios.
- adaptar os datos e necesidades a actividade da asociación, revisar os programas e adaptar os arquivos a seguridade que require a entidade.

3831 Técnicos en audiovisuais.

Entre as súas tarefas estará:

- Realizar fotos nas actividades.
- Elaboración de boletins.
- Elaboración de videos.
- Realización de memorias e difusión do que organiza as entidades.
- Revisión e adaptación de materiais.
- Adaptación dos materiais de imaxen, son e edición de material escrito.

O establecemento deste servizo dirixido a atención especializada de persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, supón prestar apoios concretos que dan resposta a necesidades que ata agora non se cubrían por parte do tecido asociativo nin de administración nin tampouco a sociedade en xeral.

Creemos que coas nosas actividades, favorecemos a inclusión das persoas con discapacidade intelectual en tódolos ámbitos da sociedade e a tódolos niveis, normalizando a súa situación e cambiando a súa percepción de que a cidadanía ten delas, conseguindo promover e mellorar a calidade de vida da persoas con discapacidade intelectual.

O tempo de ocio é moi importante na vida das persoas, favorecendo no caso das persoas con discapacidade intelectual as relacións sociais e o intercambio de novas experiencias. O tratamento do voluntariado ten vital importancia tamén neste eido, xa que a súa participación nas actividades é imprescindible, e polo que entendemos que estamos contribuíndo como un axente de cambio social que se ha de ter moi en conta á hora do achegamento da persoa con discapacidade intelectual a unha vida normalizada.

O proxecto de Special Olympics Galicia consiste na financiación da contratación e da formación dos dinamizadores e monitores que fomenten o deporte, ocio, tempo de lecer e voluntariado, un ordenanza encargado do material e un Técnico en informática para levar a cabo entre as entidades que traballan con persoas con discapacidade intelectual unhas actividades de ocio, deporte e tempo de lecer, captando e organizando unha bolsa de voluntariado para desenrolar e instaurar os fins de esta organización mediante o persoal que se de forma directa. O que se busca dende Special Olympics Galicia, e que cada persoa con discapacidade intelectual a través das súas entidades teñan unha resposta e seguridade na participación e no tratamento adecuado dos datos.

Ao realizar actividades de deporte e pasar estancias de ocio de mais de dous días, o que se solicita e un certificados médicos e unas fichas onde se dan datos da conduta dos nosos participantes, para garantir a súa participación segura.

Deste xeito o que nos indica a Lei de Protección de Datos e que son uns datos de moi alto nivel e que o tratamento de esta información ten que ser escrupulosamente correcta, xa que isto pode ter consecuencias negativas para a nosa entidade.

O que se busca con este proxecto e que se lle dean un tratamento conforme o protocolo de actuación de documentación e o informático realice e implante os cambios necesarios e as adaptacións para que esa información sexa tratada con total seguridade e axustándose a lexislación vixente dos que somos conscientes que debemos cumprir.

Como entidade sen ánimo de lucro que somos, subsistimos a base de subvencións entre outras, e nas diversas convocatorias esixen que se dea unha difusión das colaboracións, por esta razón, a persoa que se ocupe da informática tamén se terá que encargarse de ter o día estes factores. Como sabemos, dentro dos nosos fins están a promoción das persoas con discapacidade intelectual, e coas redes sociais e as novas tecnoloxías e unha fórmula perfecta para dar a coñecer os nosos servizos e que a sociedade en xeral vexa os beneficios que as nosas actividades poder ofrecer a cada persoa con discapacidade intelectual como a súa familia.

A xestión non só se fai na propia sede da entidade, senón que esta xestión tamén se debe realizar nas propias actividades xa que o que se busca e que como se ten que usar esa información nos diferentes eventos e facer difusión de eses eventos tamén no momento que se están levando a cabo.





**CUPLIMENTO
DOS FINS
ESTATUTARIOS**

1) A promoción de lecer, deporte e cultura, coa rehabilitación e terapia para nenos, mozos e adultos con discapacidade intelectual. Intentamos ofrecer ás persoas con discapacidade intelectual a posibilidade de participar, independentemente da idade e das actividades ofrecidas tanto a nivel rexional e nacional e mesmo internacional e foi como a obtención do grao de satisfacción reflectida creceu, como reflectido nas enquisas.

2) A atención e a promoción de persoas con discapacidade intelectual e as súas familias en Galicia. Traballamos na difusión a través dos medios de comunicación de tódalas actividades que desenvolvemos ao longo do ano.

3) Melloramos a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, proporcionándolles os apoios adecuados. Adaptámonos ás diferentes modalidades de deportes, ocio que demandan e precisan as persoas con discapacidade intelectual.

4) Organizamos actividades físicas e deportivas, a fin de mellorar o estado metabólico xeral, corrixir o déficit locomotor... Todo elo repercute na mellora da autoestima e fortalece os reflexos ao tempo que axuda ás persoas que o precisan a rehabilitarse de secuelas e hábitos mecánicos inadecuados.

A través da práctica deportiva contínua, as persoas con discapacidade intelectual melloran a súa condición física, psíquica e social.

5) Organizamos actividades de ocio, deporte e lecer para persoas con discapacidade intelectual nenos, mozos e adultos, permitíndolles participar en actividades de carácter rexional, nacional e mesmo internacional

6) Organizamos actividades culturais, enfocadas a grupos e adaptándonos ás necesidades dos participantes.

7) Colaboramos con outras entidades do terceiro sector coas que compartimos obxectivos.

8) Poñemos en marcha iniciativas que contribúan ao desenvolvemento da persoa con discapacidade intelectual.

9) Organizamos campamentos e actividades de verán para as persoas con discapacidade intelectual e familias. Esta actividade ponse en marcha cada verán, contando cunha elevada taxa de participación e un alto grao de satisfacción entre os usuarios.

10) Promovemos o deporte competitivo a través FADEMGA CLUB. A nosa liga dispútase durante todo o ano, seguindo un calendario e outorgando premios para recompensar os esforzos dos atletas.





**CADRO RESUMO
DE PARTICIPANTES
EN ACTIVIDADES 2017**

DATA	CONCEPTO	LOCALIDADE	ENTIDADES	VOLUNTARIOS(1)	DEPORTISTAS (*)	ADESTRADA	FAMILIAS	TOTAL
XULLO	CONVIVENCIA DE FAMILIAS	CARBALLIÑO	20	70	339	58	312	779
	MEDALLA S.O.G.							
NADAL	TARXETAS NADAL	GALICIA	30	0	851	0	0	851
XULLO/AGOSTO	CAMPAMENTOS DE VERAN	GALICIA	16	30	351	105	100	586
MARZO	XOGOS DEPORTES MINORITARIOS	VILAGARCIA	19	103	259	66	71	499
ABRIL	XOGOS DE BALONCESTO	VIGO	19	80	255	59	50	444
MAIO	XOGOS DE ATLETISMO	SANTIAGO	17	68	199	54	40	361
MAIO	XOGOS DE CAMPO A TRAVES E PETANCA	MONFORTE	18	98	242	56	42	438
XUÑO	XOGOS DE MARATON URBANO	VIVEIRO	14	94	156	44	45	339
OUTUBRO	XOGOS DE FUTBOL SALA	OURENSE	21	76	280	71	70	497
NOVEMBRO	XOGOS DE NATACION	LUGO	22	77	216	50	43	386
OUTUBRO	MARCHA CICLISTA UNIFICADA	MONFORTE	3	28	39	9		76
OUTUBRO	MARCHA CICLISTA UNIFICADA	SANTIAGO	5	48	40	13		101
XUÑO	REDE DE TEATRO	SANTIAGO	6	3	173	24		200
TODO O ANO	FUNDACIÓN RAFA NADAL TENIS	CORUÑA VILAGARCIA	2	0	20	5		25
NOVEMBRO	TORNEO INTERNACIONAL BALONCESTO FEMININO	AVILA	2	0	10	2		12
TODO O ANO	LIGAS BALONCESTO	GALICIA	14	5	143	50		198
TODO O ANO	LIGAS FUTBOL SALA	GALICIA	17	5	173	50		228
MARZO	XORNADA DE ANALISE DEPORTE OCIO E VOLUNTARIADO	SANTIAGO	18	31	22	18		71
OUTUBRO	XORNADAS O ENVELLECIMENTO NA PDI	SANTIAGO		17				17
	(1) VOL+ 061+PROTC. CIVIL+ORG + ARB							
	+ ETC... TOTAL			833	3768	734	773	6108
	BENEFICIARIOS DIRECTO POR PERSONA FÍSICA(*)		40	253	1564	335	309	2461



COLABORADORES



**XUNTA
DE GALICIA**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA E INDUSTRIA



Unión Europea

Fondo Social Europeo

El FSE invierte en tu futuro

galicia





**Special Olympics
Galicia**

www.specialolympicsgalicia.org